



Concello de Sada, Avenida da Mariña, 46_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias_ sada.cul@sada.gal



Benqueridas veciñas e veciños:

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas o vindeiro 17 de maio, queremos animar aos comercios de Sada a participar no concurso **“Mira t! que verbas”**, có obxectivo de presumir das nosas letras nos escaparates comerciais da nosa vila. Poderán participar neste concurso todos os establecementos abertos ao público e que dispoñan dun escaparate ou espazo visible desde a rúa.

Deberán decorar os seus escaparates, de maneira orixinal, con versos ou frases **pertencentes a obras de autoras ou autores galegos** que foran **homenaxeados** ao longo da historia **no Día das Letras Galegas**. As frases e versos poderán ser **elixidas libremente por cada local comercial** e deberán estar **expostos dende o 26 de abril ata o día 17 de maio incluído**.

Todos os establecementos interesados en participar deberán cubrir un **formulario online** que estará dispoñible na web <http://www.concellodesada.com/ga/concello/cultura-e-praias>. O **prazo para realizar a inscrición** estará aberto dende o día **2 de abril (día do libro infantil) ata o día 23 de abril (día do libro)**

É **imprescindible** que durante o período de inscrición, **os establecementos inscritos envíen ao correo sada.cul@sada.gal unha única fotografía** coa decoración deseñada cós versos e frases, que será colgada no Facebook <https://www.facebook.com/culturasada/> o día 26 de abril para o inicio das votacións. Non debes esquecer indicar no correo a que establecemento corresponde dita fotografía.

A valoración destas decoracións farase a través de dúas vías:

- **Votación dun xurado** con vinculación artística e designado por esta Concellería. O Xurado outorgará o premio ao escaparate que máis presuma de letras **con 200 €** e unha placa conmemorativa.
- **Votación do público** a través da nosa páxina de Facebook <https://www.facebook.com/culturasada/> Calquera persoa cunha conta en Facebook e que preme en **“GÚSTAME”** no noso perfil de CULTURA DE SADA, **poderá votar na galería de Fotos “Mira t! Que verbas”** que estará habilitada **dende o 29 de abril (día da Danza) ata o 16 de maio ás 12:00 am**. O escaparate que máis votos consiga levará o premio **de 200 €** e tamén unha placa conmemorativa.

Se tedes calquera dúbida sobre o funcionamento deste concurso no departamento de Cultura estamos á vosa disposición para resolver calquera dúbida que vos xurda. Podedes contactar no teléfono **981 620331** ou no enderezo electrónico : **sada.cul@sada.gal**

Agardando que a iniciativa sexa do voso interese, animovos a participar; recibide un afectuoso saúdo,

María Pardo Fafián
Concelleira de Cultura e Praias